| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Lingüística de corpus | | | Código | 613836002 |
| Titulación | Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013) | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuadrimestre | Primeiro | | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Letras | | | | |
| Coordinación | Gonzalez Garcia, Luis | | Correo electrónico | luis.gonzalezg@udc.es | |
| Profesorado | Gonzalez Garcia, Luis | | Correo electrónico | luis.gonzalezg@udc.es | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | Obxectivos da materia<br>·Coñecer a metodoloxía de traballo baseada en corpus.<br>·Coñecer os requisitos que debe cumprir un corpus para ser unha mostra representativa dunha lingua.<br>·Recoñecer e aplicar termos e conceptos fundamentais que se usan habitualmente no campo da lingüística de corpus.<br>·Coñecer os diferentes tipos de corpus posibles, a súa clasificación en función de varios criterios, así como as fases necesarias para o seu desenvolvemento.<br>·Recoñecer e reflexionar sobre os principios, procedementos e técnicas usadas na lingüística de corpus en diversos campos profesionais.<br>·Capacitar o alumnado para operar no tratamento automático da linguaxe. | | | | |

| Competencias do título | |
|---|---|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística. |
| A2 | Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas. |
| A3 | Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística. |
| A4 | Capacidade dos estudantes para aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de corpus lingüísticos. |
| A5 | Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido. |
| A6 | Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada. |
| A7 | Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...). |
| A8 | Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e xulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada. |
| A9 | Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.) |
| B1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo. |

| | |
|---|---|
| B6 | Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos. |
| B7 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |
| B8 | Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora. |
| B9 | Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais |
| B10 | Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster. |
| C1 | Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Coñecer os requisitos que debe cumprir un corpus para ser unha mostra representativa dunha lingua. | AI5<br>AI8 | BI2<br>BI3<br>BI10 | |
| Recoñecer e aplicar termos e conceptos fundamentais que se usan habitualmente no campo da lingüística de corpus. | AI1<br>AI3 | | CM1 |
| Coñecer os diferentes tipos de corpus posibles, a súa clasificación en función de varios criterios, así como as fases necesarias para o seu desenvolvemento. | AI1<br>AI4<br>AI6<br>AI8 | BI6<br>BI9 | CM3 |
| Recoñecer e reflexionar sobre os principios, procedementos e técnicas usadas na lingüística de corpus en diversos campos profesionais. | AI1<br>AI3<br>AI7 | BI1<br>BI2<br>BI6<br>BI7 | CM8 |
| Ser capaz de operar no tratamento automático da linguaxe. | AI7 | BI8 | |
| Recoñecer e valorar a diversidade teórica e metodolóxica das diferentes escolas lingüísticas. | AI2 | | CM4<br>CM6<br>CM8 |
| Saber aplicar a metodoloxía específica da lingüística de corpus. | AI1<br>AI3<br>AI4<br>AI5 | BI2 | |
| Coñecer e aplicar técnicas idóneas de tratamento de datos lingüísticos no marco da lingüística de corpus. | AI5 | BI5<br>BI6 | |
| Saber empregar os recursos lingüísticos e as fontes de información para propósitos académicos e de investigación. | AI9 | BI3<br>BI4 | CM5<br>CM7 |

| Contidos |
|---|

| Temas | Subtemas |
|---|---|
| 1. Os corpus orais e escritos: definición e tipos. A lingüística de corpus. | - |
| 2. Deseño, elaboración e xestión de corpus lingüísticos: bases de datos, codificación e anotación de datos. | - |
| 3. Explotación de corpus lingüísticos: análise estatística, tratamento informático de datos, comparación de datos. | - |
| 4. Estudo de casos. | - |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B9 C1 C3 C6 | 0 | 35 | 35 |
| Lecturas | A1 A2 A3 A6 A7 A8 A9 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C4 C7 C8 | 0 | 50 | 50 |
| Obradoiro | A1 A2 A3 A4 A5 A7 A9 A10 B2 B3 B4 B5 B8 C3 C5 C6 | 15 | 0 | 15 |
| Discusión dirixida | A1 A2 A5 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B10 C4 C5 C6 C7 C8 | 15 | 0 | 15 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B2 B6 B7 B8 B9 C3 C4 C6 C7 C8 | 20 | 0 | 20 |
| Atención personalizada | | 15 | 0 | 15 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Un traballo tutelado terá carácter obrigatorio e individual e nel aplicaranse contidos e/ou metodoloxía relativos á materia. |
| Lecturas | Unha serie de lecturas sobre a materia. Poderán dar lugar á realización de recensións ou á aplicación dos contidos a casos prácticos. |
| Obradoiro | Actividades de curso. Trátase de exercicios, traballos, comentarios... de carácter obrigatorio. Algúns deles poderán ter carácter non presencial. |
| Discusión dirixida | Titorías en grupo. Dedicaranse a facer un seguimento do traballo do alumno. |
| Sesión maxistral | Clases expositivas e interactivas. Introduciranse conceptos e saberes relacionados coa temática da materia, apoiándose en exercicios, comentarios. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |

| | |
|---|---|
| Sesión maxistral<br>Traballos tutelados<br>Obradoiro | Tanto as prácticas como o traballo tutelado realizaranse cun seguimiento personalizado por parte do profesor.<br>Tamén se espera que se faga uso das titorías para resolver dúbidas relacionadas coas lecturas ou coas clases maxistrais.<br>Enténdese que a avaliación forma parte do proceso de aprendizaxe e, xa que logo, recoméndase que se empreguen as titorías para revisar os exercicios, o traballo e o exame final.<br>As titorías poderanse levar a cabo persoalmente, mediante correo electrónico ou chat. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | **Cualificación** |
| Discusión dirixida | A1 A2 A5 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B10 C4 C5 C6 C7 C8 | Considérase discusión dirixida a asistencia e participación nas clases e titorías. | 15 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B9 C1 C3 C6 | Terá carácter obrigatorio e individual e nel aplicaranse contidos e/ou metodoloxía relativos á materia. | 60 |
| Obradoiro | A1 A2 A3 A4 A5 A7 A9 A10 B2 B3 B4 B5 B8 C3 C5 C6 | Actividades de curso. Trátase de exercicios, traballos, comentarios, etc. de carácter obrigatorio. Algúns deles poderán ter carácter non presencial. | 25 |

| Observacións avaliación |
|---|
| Na<br>?segunda oportunidade? (e convocatoria adiantada de decembro) os estudantes poderán presentar unha nova<br>versión dos traballos que non obtivesen o nivel suficiente. No caso de<br>cualificación insuficiente nos apartados relacionados coa asistencia e<br>participación, a nota dos traballos constituirá o 100% da cualificación final.<br>Para<br>os estudantes con dispensa académica recoñecida, a puntuación alcanzada polos<br>traballos suporá o 100% da nota final, tanto na primeira coma na segunda<br>oportunidade.<br>Será<br>cualificado como "non presentado/a" en ambas oportunidades quen non<br>entregue o traballo tutelado. |

| Fontes de información |
|---|

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Baker, Paul, Andrew Hardie & Tony McEnery (2006). A Glossary of Corpus Linguistics. Edimburgo: Edinburgh University Press<br>- Baker, Paul (2010). Sociolinguistics and Corpus Linguistics. Edimburgo: Edinburgh University Press<br>- Berber Sardinha, Tony (2004). Lingüística de Corpus. Barueri: Manole<br>- Biber, Douglas, Susan Conrad & Randi Reppen (1998). Corpus Linguistics. Investigating Language Structure and Use. Cambridge: Cambridge<br>- Blecua, José Manuel et alii (eds.) (1999). Filología einformática. Nuevas tecnologías en los estudios filológicos. Barcelona:Milenio / Universitat Autònoma de Barcelona<br>- Briz Gómez, Antonio y Marta Albelda Marco (2009). ?Estado actual de los corpus de lengua española hablada y escrita: I+D?. El español en el mundo. Anuario del Instituto Cervantes. Madrid: Instituto Cervantes<br>- Cheng, Winnie (2012). Exploring Corpus Linguistics. Language in Action. Londres: Routledge<br>- Enrique-Arias, Andrés (ed.) (2009). Diacronía de las lenguas iberorrománicas. Nuevas aportaciones desde la lingüística de corpus . Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert<br>- Herrera Soler, Honesto, Rosario Martínez Arias y Marian Amengual Pizarro (2011). Estadística aplicada a la investigación lingüística. Madrid: Eos<br>- Hoffmann, Sebastian (2008). ?Looking at language in use: some preliminaries?. Hoffmann, S et al.: Corpus Linguistics with BNCWeb - a Practical Guide. Frankfurt: Lang, pp. 1-12.<br>- Hunston, Susan (2002). Corpora in Applied Linguistics. Cambridge: Cambridge University<br>- Kennedy, Graeme (1998). An Introduction to Corpus Linguistics. Londres: Longman<br>- Lavid, Julia (2005). Lenguaje y nuevas tecnologías: nuevas perspectivas, métodos y herramientas para el lingüista del siglo XXI . Madrid: Cátedra<br>- Litosseliti, Lia (ed.) (2010). Research Methods in Linguistics . London: Continuum<br>- McEnery, Tony & Andrew Hardie (2012). Corpus Linguistics: Method, Theory and Practice. Cambridge, Cambridge University Press<br>- McEnery, Tony & Andrew Wilson (2002). Corpus Linguistics. Edinburgh University Press<br>- McEnery, Tony, Richard Xiao & Yukio Tono (2006). Corpus-based Language Studies. An advanced resource book. Londres: Routledge<br>- O?Keeffe, Anne & Michael McCarthy (ed.) (2010). The Routledge Handbook of Corpus Linguistics. Londres. Routledge<br>- Parodi, Giovanni (2010). Lingüística de corpus: de la teoría a la empiria. Madrid:<br>- Sinclair, John (1991). Corpus,Concordance, Collocation. Oxford: Oxford Univ. Press<br>- Teubert, Wolfgang & Anna Cermáková (2007). Corpus linguistics: a short introduction. London: Continuum<br>- Teubert, Wolfgang & Ramesh Krishnamurthy (eds.) (2007). Corpus Linguistics. Critical Concepts in Linguistics. 6 vols. London:<br>- Tognini-Bonelli, Elena (2001). Corpus Linguistics at Work. Amsterdam: John Benjamins<br>- Wynne, Martin (ed.) (2005). Developing Linguistic Corpora: a Guide to Good Practice. Oxford: Oxbow Books |
| **Bibliografía complementaria** | |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |

Adaptación. A materia poderá ser adaptada a estudantes con discapacidades, que non teñan un nivel de español ou galego similar ao do nativo ou que por calquera motivo necesiten algunha modificación en calquera dos aspectos reflectidos nesta guía docente. Rógase aos interesados que se poñan en contacto co profesor ou co seu titor.

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**